

**Declaración institucional do 25 de novembro 'Día Internacional  
contra a violencia de xénero'. (CIBXM de 21/10/09).**

O Pleno municipal acorda, por unanimidade dos seus membros:

Instar á Xunta de Galiza a que faga efectivas as previsións contidas na Lei 11/2007 para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Texto íntegro da 'Declaración institucional 25 de novembro 'Día Internacional contra a violencia de xénero'':

"O 25 de novembro foi declarado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas como o *Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres*, co obxectivo de implicar aos gobernos e ao conxunto de organizacións de carácter social na sensibilización a respecto do grave problema que constitúe a violencia de xénero.

É pois, unha data para propiciar a reflexión e o compromiso de toda a sociedade galega porque a violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais das mulleres, sendo esa violencia a manifestación máis clara da desigualdade e un indicador de que aínda queda traballo para erradicar a discriminación na sociedade actual.

Nos últimos anos téñense dado pasos relevantes a nivel legal, superando unha visión que reducía o problema ao ámbito privado e asumindo que a loita contra a violencia de xénero é un problema de primeira orde e que na súa erradicación debemos implicarnos o conxunto de poderes públicos e a sociedade.

Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero son pasos necesarios para loitar contra esta lacra. Por iso queremos expresar hoxe, o apoio desta corporación municipal a iniciativas de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

As cifras de denuncias e mulleres asasinadas que se repiten ano tras ano, mesmo poñen de manifesto dun xeito brutal, que non podemos baixar a garda, e que se fai imprescindible a implicación de todas as institucións, asociacións e persoas na súa erradicación. A proximidade aumenta a sensibilidade e este verán na nosa comarca tamén lamentamos unha nova vítima, este feito ten que reforzar o compromiso que desde o concello de Carballo vimos formalizando nos últimos anos como declaracións institucionais co obxectivo de incrementar a conciencia social e combater a violencia contra as mulleres.

Por todo isto, a corporación municipal reitera o seu firme compromiso de:

- Continuar a traballar na prevención da violencia contra as mulleres.
- Promover actuacións que conduzan ao fornecemento da independencia económica, política e social das mulleres.
- Colaborar con outras institucións nas políticas destinadas a prestar atención ás vítimas, garantir a súa seguridade e apoiar a súa recuperación."